

# O COMERCIO INTRA-INDUSTRIAL NA ECONOMÍA GALEGA: UNHA ANÁLISE GLOBAL E SECTORIAL

*Óscar Rodil Marzábal*

*Universidade de Santiago de Compostela*

## 1.- INTRODUCCIÓN

Unha ampla variedade de estudos empíricos veñen constatando dende xa varias décadas a existencia, entre outros efectos, dun incremento do comercio entre os países que participan nos distintos procesos de integración económica, confirmando deste xeito as predicións derivadas dos modelos formalizados no marco da teoría da integración.

Non obstante, tras este amplo consenso en torno ós efectos de creación de comercio que se derivan da eliminación de barreiras comerciais que conleva todo proceso de integración económica, existe un crecente interese entre os economistas polo estudio das pautas de especialización que se derivan de ditos procesos, tanto dende a óptica xeográfica como productiva. En concreto, revélase sumamente interesante analizar en que medida o novo patrón de comercio segue unha especialización de tipo inter o intra-industrial, dado que os custos de axuste son ben distintos nun caso e outro; sendo notablemente inferiores no caso de que o patrón de especialización predominante sexa o intra-industrial.

No caso da economía galega, este tipo de cuestións acadan un significado especial si se ten en consideración a súa específica estrutura sectorial, caracterizada polo predominio de sectores tradicionais (agro-industria, madeira, téxtil,...) exceptuando a importante presenza do sector do automóbil no sur da provincia de Pontevedra. Neste tipo de economías tipicamente periféricas a presenza de comercio intra-industrial soe acadar niveis bastante reducidos en comparación cos países máis desenvolvidos, si ben, debido a que gran parte son economías en transición, dita presenza soe ir en aumento.

Baixo este contexto teórico e empírico constitúese o obxecto da presente comunicación: analizar e cuantificar o volume de comercio intra-industrial presente na economía galega, tratando en última instancia de comprobar en qué medida o patrón comercial seguido por Galicia dende a integración española na Comunidade Europea está seguindo pautas de especialización intra-industrial ou se, pola contra, reflicte un patrón predominantemente de tipo inter-industrial. A análise realízase tanto dende o punto de vista global como sectorial, diferenciando as vertentes interrexional e internacional. Asemade, o estudio vese enriquecido pola incorporación dunha perspectiva dinámica que reflicte dende o punto de vista temporal o tipo de especialización que se está a producir, contrarrestando deste xeito o déficit analítico dos indicadores estáticos.



## 2.- APROXIMACIÓN CONCEPTUAL

O concepto de comercio intra-industrial nace en torno ós anos cincuenta; concretamente a partires da experiencia de integración europea e das constatacións empíricas resultantes de distintas investigacións destinadas a evalua-los efectos sobre a especialización comercial derivados de dito proceso de integración económica. Nestes estudos<sup>1</sup> observouse que gran parte dos fluxos comerciais existentes entre países respondía a un patrón de especialización diferente do patrón de tipo inter-industrial contemplado nas teorías tradicionais. Concretamente se detectou que unha parte moi importante e crecente dos intercambios comerciais internacionais tiñan lugar dentro das mesmas industrias ou sectores, pasando a denominarse este tipo de intercambios comerciais co nome de comercio intra-industrial.

Non tardaron en xurdir críticas relativas a que parte dese comercio denominado intra-industrial era en realidade comercio inter-industrial e non intra-industrial debido a unha mala desagregación estatística. Non obstante, numerosas investigacións realizadas con posterioridade e que partían dun maior nivel de desagregación volveron a confirma-la crecente importancia do comercio intra-industrial nas relacións comerciais entre os distintos países, con maior presenza nos países máis desenvolvidos e nas industrias de maior nivel de transformación e contido tecnolóxico medio-alto.

A efectos ilustrativos pódense diferenciar ámbolos dous tipos de comercio (inter e intra-industrial) se consideramos un modelo sinxelo de dous países (A e B) e dous bens (x e y) en dous escenarios distintos.

No primeiro escenario (figura nº1) asúmese que o país A ten unha vantaxe comparativa no ben x, especializándose na produción deste ben, mentres que o país B se especializa no ben y. Neste tipo de situación o patrón comercial que se debuxa é un patrón tipicamente inter-industrial, dado que o reparto das vantaxes comparativas entre os países leva a cada país a especializarse nun único ben, adquirindo o resto dos bens dende os outros países. As relacións comerciais que se establecen polo tanto baixo este panorama son de tipo unilateral: os fluxos comerciais relativos a cada ben van nunha soa dirección (o ben x se dirixe do país A ó B, e o ben y no sentido contrario). Este tipo de especialización comercial é a contemplada nos modelos baseados na teoría da vantaxe comparativa ricardiana ou no modelo de Heckscher e Ohlin, coa única salvedade de que nos primeiros a fonte da vantaxe comparativa radica nas diferencias tecnolóxicas entre países, mentres que nos segundos a fonte deriva da maior ou menor abundancia factorial relativa á produción dos distintos bens.



<sup>1</sup> Verdoorn (1960), Balassa (1965),...

Para entender o cambio no patrón comercial que se deriva da confluencia dos tres factores que dan lugar á aparición do comercio intra-industrial, é dicir: a existencia de economías de escala, diferenciación de produtos en distintas variedades, e a existencia de diferentes preferencias nos consumidores finais, supoñamos agora un segundo escenario (figura nº 2) no que, a diferenza do anterior, o país B tamén se especializa na produción dalgunha variedade do ben x, aproveitándose da confluencia dos tres elementos que acabamos de citar. Neste contexto, o patrón de comercio que se debuxa é claramente diferente do anteriormente descrito no primeiro escenario posto que, neste caso, aínda que o comercio do ben y segue a ser unilateral e de tipo inter-industrial, o comercio do ben x transfórmase en comercio bilateral, ou sexa: intercambio recíproco do mesmo ben, e é neste sentido comercio intra-industrial.

### 3.- CUANTIFICACIÓN DO COMERCIO INTRA-INDUSTRIAL

A medición do comercio intra-industrial é unha das cuestións máis frecuentemente abordadas nos distintos estudos sobre comercio intra-industrial dado que ditos estudos son na súa meirande parte de carácter empírico. Existen, neste sentido, diversos indicadores para medi-lo comercio intra-industrial, aínda que o máis utilizado é o denominado índice de Grubel e Lloyd, definido alxeбраicamente tanto na súa forma sectorial como global do seguinte xeito:

$$ICI_{\text{sectorial}} = \left( 1 - \frac{|X_i - M_i|}{X_i + M_i} \right)$$

$$ICI_{\text{global}} = \left( 1 - \frac{\sum_{i=1}^n |X_i - M_i|}{\sum_{i=1}^n (X_i + M_i)} \right)$$

sendo  $X_i$  e  $M_i$  as exportacións e importacións do sector  $i$  respectivamente.

A idea que preside a construción deste índice radica en que os fluxos comerciais bilaterais entre países poden dividirse en dous grupos: un que sería comercio *inter-industrial*, correspondéndose co fluxo comercial neto (exportacións netas do país A ou importacións netas do país B); e outro que sería comercio *intra-industrial*, coincidindo co resto do fluxo comercial (o fluxo total menos o fluxo neto). Este índice presenta valores entre 0 e 1 dependendo da non existencia ou existencia total de comercio intra-industrial respectivamente.

Asemade, para o cálculo do índice a nivel agregado é moi habitual utilizar outra expresión corrixida co fin de evita-lo efecto desequilibrador da balanza comercial. Este índice corrixido presenta a seguinte forma alxeбраica:

$$ICI_{\text{global}} = \left( \frac{\sum_{i=1}^n (X_i + M_i) - \sum_{i=1}^n |X_i - M_i|}{\sum_{i=1}^n (X_i + M_i) - \left| \sum_{i=1}^n X_i - \sum_{i=1}^n M_i \right|} \right)$$

Por outra banda, cómpre proceder con moita cautela no relativo ó nivel de desagregación sectorial que se utilice debido a que a medición do comercio intra-industrial vese moi afectada polo nivel de agregación estatística empregado. En base a isto, é sumamente recomendable empregar a maior desagregación dispoñible coa finalidade de non catalogar como comercio intra-industrial o que en realidade é comercio inter-industrial.

As nosas fontes estatísticas para o caso de Galicia ofrécennos unha desagregación sectorial correspondente a 66 sectores no caso das Táboas Input-Output para o comercio interreccional, e 97 capítulos do arancel (nomenclatura Taric) para o comercio internacional con datos da *Dirección General de Aduanas*. Dito nivel de desagregación, si ben non é moi elevado, permite ter unha idea aproximada da existencia e recente evolución do comercio intra-industrial nas relacións de Galicia co exterior.

A meirande parte dos indicadores creados coa finalidade de medi-lo volume de comercio intra-industrial, como é o caso do índice de Grubel e Lloyd, están deseñados dende unha perspectiva estática, co cal non reflicten correctamente os cambios experimentados ó longo do tempo na magnitude dos fluxos de comercio intra-industrial<sup>2</sup>. Esta deficiencia analítica dos indicadores estáticos promoveu a procura doutra serie de indicadores máis axeitados para a análise da dinámica da especialización inter ou intra-industrial das distintas economías. Un dos índices máis utilizados é o denominado índice marxinal do comercio intra-industrial de Brühlhart (1995), o cal adopta a seguinte expresión:

$$A_i = 1 - \frac{|\Delta X_i - \Delta M_i|}{|\Delta X_i| + |\Delta M_i|}$$

sendo  $A_i$  o índice marxinal relativo ó sector  $i$ . Este índice varía entre 0 (toda a variación dos fluxos comerciais é de tipo inter-industrial) e 1 (toda a variación é de tipo intra-industrial). Deste xeito, si nos atopamos ante un índice marxinal bastante reducido, isto significará que a meirande parte dos cambios que tiveron lugar nos fluxos comerciais concentráronse nun dos dous lados da balanza comercial, mentres que no caso contrario estaremos ante un proceso fundamentalmente de carácter intra-industrial.

Este índice de Brühlhart pode ser empregado, asemade, para calcula-la variación do comercio intra-industrial a nivel agregado. Neste caso, o índice toma a seguinte forma analítica:

<sup>2</sup> A simple comparación do índice de Grubel-Lloyd para dous momentos distintos do tempo pode dar lugar a interpretacións totalmente distintas, dado que dita variación do índice ó longo do tempo depende, en xeral, do saldo sectorial inicial. Este aspecto é desenvolvido dun xeito máis detallado por J.M. Montaner e V. Orts (1996), PP. 96-97.

$$A = \sum_{i=1}^n w_i A_i$$

sendo  $w_i$  o coeficiente de ponderación de cada sector, o cal vén dado pola seguinte expresión:

$$w_i = 1 - \frac{|\Delta X_i - \Delta M_i|}{\sum_{i=1}^n (|\Delta X_i| + |\Delta M_i|)}$$

#### 4.- CARACTERÍSTICAS GLOBAIS DO COMERCIO INTRA-INDUSTRIAL EN GALICIA

Entrando xa na análise da realidade galega, cómpre sinalar en primeiro lugar que os cálculos realizados a nivel agregado apuntan a unha significativa presenza do comercio intra-industrial nas relacións co seu entorno. Non obstante, constátanse niveis sensiblemente inferiores dos que se infiren doutros estudos a nivel estatal, como é o caso español<sup>3</sup>, e en maior grao dos relativos ó ámbito comunitario<sup>4</sup>.

As Táboas Input-Output de Galicia correspondentes ós anos 1980 e 1990 revelan un claro predominio do carácter interrexional, isto é: das relacións co resto do Estado, no conxunto do comercio exterior galego. Esta inicial constatación lévanos á esixencia de diferenciar dita vertente xeográfica, indo máis alá do que nos ofrecen a meirande parte dos estudos realizados a nivel rexional, xeralmente restrinxidos á esfera internacional. Partindo desta consideración inicial, cómpre diferenciar entre as dúas vertentes xeográficas: interrexional e internacional, respectivamente<sup>5</sup>. Tendo presente esta esixencia analítica, preséntanse nas táboas nº 1 e nº 2 os resultados da medición do comercio intra-industrial en Galicia a nivel agregado.

Táboa nº 1		
Comercio Intra-industrial Global Interrexional. Galicia, 1980/1990.		
I. Grubel-	1980	1990
Lloyd		
Sen correxir	38,2%	43,8%
Correxido	38,8%	44,7%
Fonte: TIOGA 1980/90. Elaboración Propia.		



Táboa nº 2		
Comercio Intra-industrial Global Internacional. Galicia, 1988/1997.		
I. Grubel-	1988	1997
Lloyd		
Sen correxir	49,8%	62,9%
Correxido	60,0%	66,3%
Fonte: D. G. de Aduanas e Imp. Especiales. Elaboración Propia.		

<sup>3</sup> Consúltense en J.A. Alonso (1993) e J.Martín e V. Orts (1995) para o caso español, e en J.L. González (1991) para unha aplicación rexional.

<sup>4</sup> Consúltense en F.J. del Río (1996).

<sup>5</sup> O feito de que os períodos non sexan coincidentes débese á distinta dispoñibilidade de datos que nos ofrecen as nosas dúas fontes estatísticas (TIOGA e Dir. General de Aduanas).

Un exame inicial dos datos apunta a un reducido grao de comercio intra-industrial no noso comercio externo en comparación cos actuais países desenvolvidos (OCDE), situándose o nivel medio tipicamente en torno ó 70%. Asemade, da confrontación das dúas táboas infírese un maior carácter intra-industrial nas relacións de Galicia a nivel internacional que nas relacións co resto do Estado, poñendo de manifesto o perfil predominantemente tradicional da vertente interrexional. Este perfil convencional define un modelo de comercio tipicamente inter-industrial, corroborando os resultados doutras investigacións<sup>6</sup>. Non obstante, constátase un aumento considerable do peso do comercio intra-industrial en Galicia, quedando perfectamente reflectido dito incremento nos gráficos nº 1 e nº 2.



Na observación de ditos gráficos pódese apreciar un aumento do valor do índice agregado de comercio intra-industrial nas súas dúas vertentes, sendo no ámbito internacional onde se acada un nivel máis elevado e unha suba máis importante debido á crecente interpenetración comercial e económica de Galicia cos países comunitarios. Non obstante, a partir destes datos non se pode inferir ningunha consideración dende o punto de vista dinámico, tal como apuntamos anteriormente. A utilización de índices estáticos, como era o caso do índice de Grubel-Lloyd, só permite realizar estimacións sobre a magnitude do comercio intra-industrial nun momento determinado do tempo, pero non aportan nada en canto á súa evolución ó longo do tempo; noutras palabras: non serven para analiza-la súa dinámica. Faise necesario, pois, empregar outros indicadores máis axeitados e que teñan en conta as variacións no tempo.

Neste sentido, aplicando o índice marxinal de Brülhart a nivel agregado obtivéronse os resultados que aparecen nas táboas nº 3 e nº 4.

<sup>6</sup> X.Fernández Leiceaga (1995) e O. Rodil Marzábal (1997)

Táboa nº 3

Dinámica do Comercio Intra-industrial Global Interrexional en Galicia (1980/90)

Índice de Brülhart 1980/90  
0,13

Fonte: TIOGA 1980/90. Elaboración Propia.

Táboa nº 4

Dinámica do Comercio Intra-industrial Global Internacional en Galicia (1988-97)

	88-89	89-90	90-91	91-92	92-93	93-94	94-95	95-96	96-97	Media (88-97)
Índice de Brülhart	0,10	0,12	0,12	0,10	0,09	0,14	0,07	0,07	0,15	0,11

Fonte: D. G. de Aduanas e Imp. Especiales. Elaboración Propia

Pódese observar que, en xeral, o índice de Brülhart presenta valores moi reducidos, tanto no referente ó comercio interrexional como internacional, o cal nos suxire a existencia de pouco dinamismo na evolución do comercio intra-industrial en Galicia, si ben, no caso do comercio interrexional, o feito de considerar dous anos tan distantes dificulta a realización de calquera tipo de valoración. Neste sentido, parece máis oportuno centrarnos na vertente internacional. Nesta liña, constátase que a variación media do comercio intra-industrial no período 1988-97 estivo en torno ó 11%, non superando en ningún momento o 15%. Estes datos revelan que a meirande parte dos cambios experimentados nos fluxos comerciais de Galicia con outros países durante o período 1988-97 foron basicamente de tipo inter-industrial.

Acabamos de ver, en consecuencia, cómo as consideracións que se poidan realizar a partir dos índices estáticos (índice de Grubel e Lloyd no noso caso) ocultan pautas de comportamento dinámico diferentes, incluso totalmente opostas das que nun principio cabería prever.

## 5.- CARACTERÍSTICAS SECTORIAIS DO COMERCIO INTRA-INDUSTRIAL EN GALICIA

Anteriormente sinalábase como unha das características propias do comercio intra-industrial o seu predominio naqueles sectores ou industrias de maior nivel de transformación na cadea productiva, ou de contido tecnolóxico medio e alto. Avanzando no nivel de desagregación que nos permiten as nosas fontes, preséntanse nas táboas nº 5 e nº 6 os resultados sectoriais que se obtiveron na análise da vertente interrexional e internacional respectivamente.

**Táboa nº 5**  
Comercio Intra-industrial Sectorial  
Interrexional. Galicia, 1980/90.

	<u>1980</u>	<u>1990</u>
Agromaralimentario	32,4%	39,4%
Enerxético	17,8%	26,0%
Extr. mat. construc.	63,2%	70,4%
Química e plásticos	46,7%	52,4%
Metal. e maquinaria	26,2%	24,9%
Material Transporte	72,1%	56,5%
Madeira-Transform.	32,0%	26,8%
Outros Consumos	55,9%	58,6%

Fonte: TIOGA 1980/90.  
Elaboración Propia

**Táboa nº 6**  
Comercio Intra-industrial Sectorial  
Internacional. Galicia, 1988/97.

	<u>1988</u>	<u>1997</u>
Agromaralimentario	35,5%	53,1%
Materias Primas	44,2%	60,8%
Enerxético	53,6%	34,1%
Prod. Químicos	44,6%	66,3%
Prod. Metálicos	72,0%	80,1%
Outras Semimanuf	13,6%	14,8%
Maquinaria	35,5%	46,7%
Material Transporte	69,6%	80,5%
Sector da pel	93,6%	70,1%
Prod. textís	48,5%	65,2%
Out. bens consumo	26,8%	55,4%

Fonte: D.G. de Aduanas.  
Elaboración Propia

Como ben se pode observar en ditas táboas, os sectores que presentan un maior índice de comercio intra-industrial son na súa meirande parte sectores manufactureiros de contido tecnolóxico medio e alto, si ben pódense observar importantes excepcións como é o escaso comercio intra-industrial detectado nos intercambios interrexionais de produtos metálicos e maquinaria, en claro contraste co detectado para este mesmo tipo de produtos na vertente internacional<sup>7</sup>. Asemade, o reducido grao de comercio intra-industrial detectado nos intercambios interrexionais pertencentes ó sector de madeira-transformados vén a reflecti-la existencia de dous tipos de fluxos netos ben diferenciados: o primeiro e máis destacado consistente na venda de madeira semi-elaborada (serrado, taboleiros,...) ó resto do Estado, e o segundo, de menor importancia, baseado na adquisición dos transformados máis avanzados (mobles, por exemplo) procedentes do resto de España.

O sector de material de transporte é, sen lugar a dúbidas, o que determina a meirande parte do carácter intra-industrial das relacións de Galicia co exterior. Este sector, radicado case na súa totalidade no sur da Provincia de Pontevedra, non só abrangue unha gran parte dos intercambios comerciais de Galicia co exterior, senón que tamén xera unha parte non menos grande dos fluxos de tipo intra-industrial.

Unha observación adicional que cabe realizar dende un punto de vista comparativo é o feito de que se aprecia, en xeral, un maior volume de comercio intra-industrial na meirande parte dos sectores entre os dous anos considerados, tanto a nivel interrexional como internacional, si ben con importantes excepcións no ámbito interrexional (metal-mecánica, material de transporte).

<sup>7</sup> Deste xeito, queda patente a forte dependencia de Galicia con respecto ó resto do Estado no referente ós sectores de maquinaria e transformados metálicos, existindo un importante fluxo comercial neto (comercio inter-industrial) en dirección a Galicia.

Non obstante, como xa se fixo no anterior apartado, cómpre introducir na análise sectorial a perspectiva dinámica, é dicir: o estudo das variacións no comercio intra-industrial a nivel sectorial ó longo do tempo. Nesta liña, preséntanse nas táboas nº 7 e nº 8 os valores obtidos para o índice marxinal de Brülhart.

	1980/90
Agromaralim	0,08
Enerxético	0,00
Extrac. e mat. construc.	0,18
Química e plásticos	0,13
Metálicas e maquinaria	0,11
Material de Transporte	0,21
Madeira-Transformados	0,15
Outros Consumos	0,09

	88-89	89-90	90-91	91-92	92-93	93-94	94-95	95-96	96-97	Media (88-97)
Agromaralim	0,04	0,12	0,05	0,06	0,07	0,14	0,14	0,14	0,16	0,10
MatPrimas	0,03	0,15	0,14	0,03	0,15	0,12	0,07	0,08	0,20	0,11
Enerxético	0,05	0,00	0,62	0,00	0,00	0,00	0,00	0,88	0,01	0,17
Prod Químico	0,08	0,05	0,06	0,14	0,11	0,09	0,12	0,08	0,09	0,09
Prod Metálico	0,02	0,07	0,12	0,16	0,09	0,14	0,02	0,09	0,16	0,10
Outr Semim.	0,09	0,17	0,05	0,00	0,00	0,01	0,15	0,10	0,12	0,08
Maquinaria	0,24	0,02	0,00	0,18	0,00	0,00	0,02	0,07	0,20	0,08
Mat. Transp	0,15	0,21	0,11	0,19	0,09	0,18	0,02	0,03	0,14	0,12
Sector da pel	0,22	0,14	0,13	0,09	0,04	0,15	0,07	0,21	0,23	0,14
Prod. textís	0,11	0,12	0,21	0,21	0,15	0,17	0,10	0,12	0,18	0,15
Out bs cons	0,12	0,13	0,13	0,08	0,17	0,10	0,14	0,14	0,15	0,13

Unha primeira revisión dos datos apunta, do mesmo xeito que no caso agregado, a unha reducida dinámica intra-industrial a nivel sectorial. No referente á vertente interrexional e tendo en conta que a comparación está feita entre os extremos dun decenio coa conseguinte distorsión temporal que elo implica, conséntase un maior carácter intra-industrial nas variacións dos fluxos de comercio correspondentes ó sector de material de transporte (21%), material de construción (18%) e madeira e transformados (15%), mentres que no resto dos sectores dito carácter situouse en torno ó 10%. Unha excepción a constitúe o sector enerxético cunha variación netamente de carácter inter-industrial e centrada no forte aumento do valor das vendas de enerxía eléctrica ó resto do Estado.

Por outro lado, no caso da vertente internacional, da cal dispoñemos dunha serie de datos máis continuada, o valor medio máis elevado que alcanza o índice marxinal é sorpren-

dentemente o correspondente ó sector enerxético (17%), si ben débense ós elevados valores alcanzados entre os anos 1990 e 1991 e os anos 1995 e 1996 supostamente debido a factores de tipo coxuntural, sendo practicamente nulos no resto. Asemade, o feito de que o sector enerxético estea integrado nun so capítulo do arancel, e que este sexa o nivel de desagregación empregado na nosa investigación, supón unha seria limitación na medición dos cambios experimentados no sector, debido a que estanse a considerar de xeito agregado partidas arancelarias ben diferenciadas.

Salvando o caso relativamente problemático do sector enerxético, os sectores manufactureros, agás o de maquinaria, foron os que experimentaron un cambio medio do comercio intra-industrial máis importante. Nesta liña, foi o sector téxtil o que acadou unha cifra máis elevada (15%), seguíndolle moi de preto o resto dos sectores manufactureros (outros bens de consumo, sector da pel e material de transporte). O sector de maquinaria foi, como xa comentamos o que experimentou unha menor compoñente intra-industrial media nas variacións dos seus fluxos comerciais (8%).

No resto dos sectores, cun contido tecnolóxico máis heteroxéneo (agro-industria, químico,...) conséntase unha variación media do comercio intra-industrial en torno ó 10%, confirmando o limitado carácter dinámico do comercio intra-industrial a nivel sectorial en Galicia.

## 6.- VALORACIÓNS FINAIS

Para entender ben a dinámica industrial e o nivel de desenvolvemento dunha economía faise totalmente necesario dispor dunha correcta interpretación do seu patrón comercial, tanto dende o punto de vista da súa caracterización como da súa evolución ó longo do tempo. Neste sentido, a presente comunicación constitúese como un intento máis de suplir-lo déficit analítico existente no estudio das pautas comerciais do noso país coa finalidade de afondar aínda máis nun aspecto de crecente importancia nas últimas décadas e alleo ó marco explicativo das vantaxes comparativas como é a existencia de comercio intra-industrial.

Partindo de que a distinción entre especialización inter-industrial e intra-industrial ofrece suxerentes posibilidades de avance no coñecemento da realidade concreta de cada economía, sinálanse a continuación algunhas das ideas máis importantes que se poden extraer da nosa investigación sobre o caso galego:

En primeiro lugar, conséntase un reducido nivel de comercio intra-industrial no conxunto das relacións de Galicia co exterior, quedando patente o predominio da dotación de recursos e/ou de factores como fonte da súa vantaxe comparativa.

Por outro lado, a vertente internacional do comercio exterior de Galicia é a que presenta un nivel máis elevado de comercio intra-industrial debido na súa práctica totalidade ós intercambios comerciais cos países comunitarios de produtos manufacturados, moi centrados nuns poucos sectores (automóbiles, motores,...).

Asemade, o inferior grao de comercio intra-industrial detectado a nivel interrexional pon de manifesto o carácter predominantemente tradicional das relacións comerciais de Galicia co resto de España, determinando un perfil contrastado de sectores.

Non obstante, cómpre ser cautelosos dada a gran sensibilidade dos índices ante o problema da agregación estatística, o cal nos suxire a necesidade de afondar aínda máis neste tipo de estudos avanzando no nivel de desagregación sectorial.

Por último, é dende unha perspectiva dinámica, conséntase un moi limitado carácter intra-industrial nos cambios experimentados nos fluxos de comercio, tanto a nivel sectorial como a nivel agregado. Esta evolución ó longo do tempo contrasta en gran medida co que se infire da comparación do índice de Grubel e Lloyd entre os extremos dos períodos considerados, o cal pon de relevo o inicial efecto ilusorio derivado da utilización de índices exclusivamente estáticos.

## BIBLIOGRAFÍA

- Alonso, J.A. (1993): “Especialización comercial” en García Delgado, J.L. (dir.) *Lecciones de Economía Española*, Ed. Civitas, pp. 393-416.
- Balassa, B. (1963): “European integration: problems and issues”, *American Economic Review*, vol.30.
- Fernández Leiceaga, X. (1995): “Los cambios recientes en la inserción comercial externa de Galicia”, en *Información Comercial Española*, nº 748, pp. 119-134.
- González García, J.L. (1991): “Comercio intraindustrial e integración económica. El caso de Castilla y León”, en *Información Comercial Española*, nº 693, pp. 123-137.
- Hine, R.C. et al. (1993): “Comercio intraindustrial y convergencia económica en el ámbito regional: el caso de la Comunidad Valenciana”, *Documento de trabajo nº 93-03*, Servicio de Estudios de la Federación Valenciana de Cajas de Ahorros.
- Krugman, P.R. & Obstfeld, M. (1995): *Economía Internacional: Teoría y política*, Mc Graw Hill.
- Martín, J. & Orts, V. (1995): “Comercio intraindustrial en España: determinantes nacionales y sectoriales”, en *Revista de Economía Aplicada*, nº 7, vol. III, pp. 45-62.
- Martín, J. & Orts, V. (1996): “Naturaleza y causas del comercio intra-industrial”, en *Revista Economía*, nº 36, pp. 79-101.
- Río Sánchez, F.J. del (1996): “Evolución histórica y tendencias recientes en el comercio intraindustrial de los países de la CE”, en *Información Comercial Española*, nº 749, pp. 159-168.
- Rodil Marzábal, O. (1997): *Pautas da especialización comercial e tecnolóxica da economía galega no contexto da integración comunitaria*, Tese de Licenciatura, Dpto de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela.
- Verdoorn, P. (1960): “The Intra-Bloc Trade of Benelux”, EAG Robinson (ed.): *Economic consequences of the size of nations*, proceedings of a Conference held by The International Economic Association, Mcmillan, Co., Ltd. London.